

# De conversa

## Aderita, a centenaria de Couso

Xosé L. Estévez Solla  
Xaime Iglesias González

Ao entrar, atopamos a Aderita sentada no sofá dun amplo salón, co televisor en fronte, serena. Sabía que pretendiamos conversar con ela e recíbenos con mirada amable, pero atenta, como dicindo que lle vou dicir a esta xente. O fillo Jorge, que nos recibira ao chegarmos e que vai acompañarnos ao longo da entrevista, preséntanos oportunamente e nós saudámola.

- Boas tardes, Aderita. Como está a señora?

Respondeunos cortesmente e comentámoslle a nosa intención de publicar nesta revista o que nos contase. Aínda que nos dixo que aos seus anos non pretendía saír nos periódicos, falamos longamente de diversos aspectos dos tempos que lle tocou vivir e das súas propias vivencias.

- Non sei porque me chaman Aderita, pero así é como me coñecen os veciños e veciñas. En realidade son Adela, Adela Casalderrey Carballo. Teño cen anos cumpridos pois nacín no ano 1920, en Couso.

Con todo, Aderita é unha muller autónoma e lúcida. A boa memoria permítelle recordar moitas cousas, pero sorpréndenos a precisión con que fala dos seus familiares, en especial dos da liña paterna.

- Son da familia dos Lanudos por parte de meu pai. Chamábase Benito, era carreteiro. Son sobriña de José o Coxo que casou con Castora e viviu en Casal Novo e na Piolla; de Carme que lle fusilaron o compañeiro e viviu no Cimbelo; de Matilde que andaba ao estraperlo para gañar a vida; de Juan

que morreu en Cuba; e de Teresa que tiña unha taberna no Cruceiro; a súa filla Quinola é miña curmá.

Pouco foi á escola Aderita e dinos que daquela, as crianzas axiña se incorporaban ao traballo doméstico e do campo, en especial se eran nenas. O absentismo escolar era alto e a oferta de escolas, escasa e de poucos medios.

- Fun á escola de Couso, que estaba preto da ponte, xa na parroquia de Santa María de Xeve. Pero asistía pouco. Dende pequena tiven que axudar nas faenas da casa, coidar a meus irmáns, ir á herba e tamén traballar nas leiras. Antes, a vida era moi escrava. Os traballos do campo nunca se acababan. Botábanse patacas, millo, centeo...; despois había sachar, recoller, gardar. Cando se remataba unha cousa non había tempo para o descanso, xa había que comezar outra.

Con todo, Aderita sabe da importancia de aprender, de prepararse para a vida, de aí que aos seus fillos os mandase á escola con asiduidade e lles dese a oportunidade de facer estudos secundarios, daquela non obrigatorios. Lembra a escola mixta da Piolla e as profesoras, en especial a dona Josefa que impartiu clases aquí ata que xe xubilou en 1953. Pouco se lembra dos xogos e brincadeiras da súa infancia e adolescencia, se cadra por ter xogado pouco.

- Cando era nena, o traballo non nos deixaba moito tempo para o xogo e a diversión. Recordo que as rapazas xogabamos ao peletre cun cacho dunha tella. Tiñamos que move-lo



Aderita

co pé á pata coxa por riba dunhas raias marcadas no chan. Tamén xogabamos "ao escondite" (ás agachadas) e á corda dicindo algunha cantinela mentres saltabamos.

As principais diversións que coñeceu Aderita sendo moza eran as festas e os bailes. Manifesta que poucas veces ten ido ao cine. Nos domingos do verán, tamén se divertía indo a bañarse ao río Pequeno de Couso coas amigas.

- Había moi boas festas en San Andrés de Xeve, tanto as do Carme como as de san Roque. Téñome divertido moito nas de Lérez: San Salvador que duraban tres días co octavario, o Cristo e san Benito. A Verducido pouco teño ido. Despois ía aos bailes de Samartín e Ruibal en Xeve. Á do Chosco de Lérez fun poucas veces, había moitas pelexas entre os mozos e eu pensaba que calquera

día ían caer polas escaleiras abaixo e matarse. Daquela xa nos conformabamos cunha gaita ou un acordeón e se había unha banda de música xa era unha grande animación.

Aínda faltaban cousas por falar cando se achega ao salón Julia, a súa nora, que lle dá á conversa un aire de frescura. Amósanos unha foto da sogra co marido e outras cos fillos pequenos, cando aínda era nova. Vemos nela unha moza ben parecida e comentamos en ton desenfadado que de nova debeu ter moitos admiradores.

- *Que va! A min gustábame bailar, na miña vida divertínme o que puiden, pouco, que eran malos tempos, pero só tiveren dous pretendentes. Casei co segundo, con Eulogio. Tiven catro fillos (Lito, Jorge, Esther e Javier), o primeiro de solteira, pero nunca me sentín sinalada por iso.*

Aderita cóntanos que, a comezos da década de 1950, Eulogio marchou a Venezuela, que estivo alá uns cinco anos repartidos en dous períodos e que durante eses anos ela tivo que facer de nai e de pai, e traballar moito na casa, nas fincas e na taberna.

- *Compráramos unha casa, pedímoslles cartos a Juan o Redabouxo e ao García do Empalme e para desempeñámos, Eulogio marchou a Venezuela. Todo quedou ao meu cargo. A faena era grande, pero para comer un bolo había que “espabilar” moito. Nesa casa puxemos unha taberna mixta que atendía eu, aínda que me axudou moito o meu cuñado Juan. Estivo aberta de 1960 a 1968 máis ou menos. Viñan homes de varios lugares da redonda que ás veces xogaban cartos, pero o máis frecuente era botar boas partidas de brisca de seis nas que apostaban unhas cuncas de viño, aínda que tamén lles teño preparado boas olas de chocolate. Ás veces, pasábanse da hora e a Garda Civil tennos avisado*

*de que cerrásemos, que nos podían multar por no cumprir o horario, pero nunca nos multaron.*

Preguntámoslle se na taberna organizaban concursos de chave, se a clientela tiña problemas para pagar naqueles anos de miseria e por que remataron cerrándoa.

- *Faciamos concursos de chave, moi animados. Había moi bos tiradores que viñan de Mourente, Marcón e outros lugares porque había bos premios: galos, coellos e ata chegamos a ter de primeiro premio un carneiro. Daquela había moita pobreza e moita xente non tiña para pagar e levaba o arranxo da casa a deber. Eu non sabía apuntar, gardaba todo na cabeza ou nun papel facendo raias á miña maneira e, cando chegaba á casa o meu fillo Jorge, díciálle que anotase no libro. Ás veces cobraba en especie. Algunha clientas traían fabas, ovos e outros produtos do campo para apagar as débedas. Nunha ocasión chegaron a entregarnos un medio [bocoi duns catrocentos litros de capacidade] de viño catalán. Ao regresar de Venezuela, Eulogio volveu traballar de pintor de coches, esta vez no Parque y Talleres de Recuperación, e non quixo continuar coa taberna.*

Estes comentarios dannos pé para preguntarlle a Aderita polo racionamento de alimentos que sufriu a poboación española durante a posguerra.

- *Está calado rapaz. Claro que recordo o racionamento dos anos da fame. Era escaso (un cuarterón [un oitavo de litro] de aceite, media libra de pan...), pero aínda había quen non podía collelo porque non tiña cartos. Eran tempos de penuria. Cando puxemos a taberna xa os comestibles estaban á venda libre, aínda que seguía a haber moita miseria. A xente criaba galiñas pero non as*

*comía, tiña que vendelas e os ovos tamén, para facer algúns cartos e arranxar a vida.*

Cando Franco deu o golpe de estado en 1936, Aderita contaba con só dezaseis anos, pero lémbrese dalgunhas cousas, do ambiente que se respiraba, dos fuxidos e dos cívicos.

- *A xente tiña moito medo. Acórdome de Manolo, de Mourente, noivo de Digna, que estaba escondido nunha cova, preto do río, debaixo dunha lousa, á que se podía entrar polo eirado. Os cívicos viñeron buscalo varias veces nunha camioneta, pero non o atoparon. Cando nos íamos bañar ao río, entretíñase tirándonos pedriñas. Teño oído que nas cantadeiras tamén había homes fuxidos, como o Dios, de Gatomorto; que fusilaban a algúns como Albino Sánchez, compañeiro de miña tía Carne e que a outros matábanos e deixábanos tirados nas cunetas para que a xente collese medo e non falase mal daquel goberno.*

Vostede coñece a cantiga das burras de couso? -Preguntámoslle. Quen eran as burras, as mozas/mulleres que as levaban ou as burras de catro patas? Aderita ri e afirma que si e comeza a entoar a primeira estrofa.

- *Ai veñen, aí veñen / aí veñen, aí van / as burras de Couso / cargadas de pan. As burras eran as burras, pero algúns para burlarse facían como se fosen as mulleres. O asunto é que algunhas veciñas de Couso gañaban a vida coa fariña e co pan. Ían comprar millo a Campo Lameiro, Cutián, Armonda e outros lugares por aí. Traíano e moíano nos muiños, que aquí había varios aos que incluso viñan moer familias do Castelo, Casal Novo, A Piolla e outros lugares. Cunha parte da fariña facían pan que despois levaban a vender por Marín, Bueu e Cangas xuntamente co resto da fariña. As rutas facíanas*

sobre as burras, pero cando estas levaban carga tiñan que andar a pé elas tamén por camiños e corredoiras mal amañados. Marchaban pola mañá cedo e volvían a noitiña. Era un traballo duro. A Cangas levábaas a camioneta dunha muller que lle chamaban a Leona e para ir a Marín teñen usado o tranvía eléctrico. Neste caso un ou varios rapaces encargábanse de traer as burras para a casa. Cando o negocio lles ía ben, mercaban pan branco, pois o pan da ración era de algarobas [ervellacas], escuro, por iso lle chamaban pan moreno. Tamén se ten dado o caso de que xente deses lugares, en especial de Bueu, viñesen a Couso a mercar millo e fariña.

Semella que Aderita pretende salienta a actividade das mulleres, pois en varios momentos relata brevemente situacións onde se poden ver mulleres decididas, sacrificadas e, sobre todo, traballadoras. Acaba de facer referencia ás que negociaban no pan e na fariña e ás que traballaban no campo sen abandonar as tarefas domésticas e agora segue con outros exemplos.

- Algunhas mulleres de Couso ían andando a mariscar a Praceres e despois vendían as ameixas e berberechos por Lézez adiante. Outras, como as Canosas e as Rechas, mercaban peixe na lonxa de Marín que despois revendían polas aldeas, levándoo en grandes cestas sobre a cabeza. Tamén houbo mulleres, como miña nai que, cando arranxaron a estrada de Campo Lameiro, andaron "morillando" [facendo grava] que medían por cubetas [truncocónicas] de madeira. Era un traballo moi cansado. As veciñas Clara e Estrella e tamén miña nai traballaron no Monte das Pías plantando piñeiros cando se fixo o "cierre" e se eliminou o pasto no monte. Que eu saiba, a xente de Couso non protestou porque aquí había poucas vacas e

poucas veces as levaban pastar alí. Só algúns, coma Chicho, da familia das Cendona, utilizaban o monte como pasto das vacas.

Os comentarios que faciamos os alí presentes ao socairo do que Aderita ía dicindo sérvenlle de refresco á súa memoria. Daquela vai aludir a unha serie de vivencias pasadas referidas ao seu tempo.

- Eu non ía moito á misa, pero D. Leandro foi un bo cura aínda que tiña tres fillos (Carmiña, Elena e o fillo que morreu en Madrid nunhas manobras militares). Á xente non lle importaba iso, vía nel outras calidades e tiñano en estima. Cando eu era nova pouco se ía ao médico. Recordo a Barbolla e a D. Manolo Ballina, pero facíanse moitos remedios caseiros: infusións de herba luisa para a dor de bariga, cocer un rato fariñeiro (de muiño) e beber esa auga para a tose ferina, tomar leite quente con mel para a gripe e así outros remedios. Non había luz eléctrica e de noite alumebámonos cunha torcida de aceite ou con luz de carburo. Tampouco había frigoríficos. Os alimentos gardábanse na fresqueira e o peixe conservábase en escabeche. Pero pouco había que gardar. Pouca xente tiña na casa

un aparello de radio e non había televisores.

Couso non é o universo vital de Aderita, pero case. Ademais de nacer, aquí viviu, traballou, casou, criou os fillos e tivo taberna. Pero tamén tivo que andar por outras localidades por diversos motivos.

- Ía a Pontevedra a mercar e a tramitar papeis. Falaba con Canaval que arranxaba as pagas e con Juanito Rivas que facía outros trámites. Teño ido a Marín a vender fariña. Aquí criaban moitos porcos que despois de cebados vendían para os barcos de pesca. Fun a Vigo no tren e despois ata a Falperra – hoxe xa non me acordo como fixen a consultar cun avogado por meu pai que morrera esmagado por un carro de bois.

Adoita dicirse que as persoas que chegan a centenarias seguiron unha dieta saudable e fixeron exercicio físico con regularidade, pero Aderita fixo a dieta que puido e o exercicio físico foi case sempre esforzado. Daquela intuimos que para chegar aos cen anos é preciso, ademais, coraxe, decisión e optimismo, calidades que non dubidamos tivo Aderita.



1951